



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Refer.: PCO.001.2021.00076

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DÚAS EMBARCACIÓN ELÉCTRICAS PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROXECTO PILOTO DE ECOTURISMO NÁUTICO NOS XEODESTINOS DA PROVINCIA DA CORUÑA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2021.00076**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

**RESOLVO:**

1. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado polo Servizo de Patrimonio e Contratación con data 21/06/2022 e o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego con data 17/06/2022 para contratar a subministración de dúas embarcacións eléctricas para a posta en marcha dun proxecto piloto de ecoturismo náutico nos xeodestinos da provincia da Coruña, nas seguintes condicións:
  - 1.1. Información del contrato
    - 1.1.1. Tipo de contrato: subministración
    - 1.1.2. Procedemento: aberto con pluralidade de criterios de valoración
  - 1.2. Presuposto: **91.000,00 €** IVE incluído
  - 1.3. Valor estimado: 75.206,61 €
  - 1.4. Prazo de execución: O prazo de execución do contrato é de seis meses (tres meses por cada embarcación) desde o día seguinte á data de formalización do contrato en documento administrativo.
  - 1.5. Financiamento: O contrato poderá financiarse do seguinte modo:

Aplicación orzamentaria	ano	nº operación	importe
0510/4321/6240	2022	A 220210056879	66.666,66
		RC 220220030416	24.333,34
<b>TOTAL</b>			<b>91.000,00</b>

Por tratarse dun contrato que poderá estender os efectos máis aló do exercicio 2022, e o seu financiamento queda supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente no vindeiro exercicio, ben pola incorporación do correspondente crédito, ben pola habilitación do crédito no orzamento definitivo dese exercicio.

2. Dispoñer que o referido contrato se adxudique mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios de valoración.